AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Corrección de erros.-Resolución do 4 de febreiro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 33, do martes, 17 de febreiro de 2009, cómpre realizar as seguintes correccións:

-Na páxina 3.220, artigo 2.1º, onde di: «Para a concesión das subvencións destínase un crédito global de 500.000 euros correspondente á aplicación 12.A1.432B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2009 e 2010, distribuídos do seguinte xeito: 400.000 euros para o ano 2009 e 100.000 euros para o ano 2010», debe dicir: «Para a concesión das subvencións destínase un crédito global de 400.000 euros correspondente á aplicación 12.A1.432B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2009».

-Na páxina 3.220, artigo 6, onde di: «1. O prazo de xustificación para as subvencións de carácter anual rematará o 31 de outubro de 2009. 2. Os prazos de xustificación das correspondentes anualidades para as subvencións de carácter bianual rematarán nas seguintes datas:

Anualidade de 2009: 31 de outubro de 2009.

Anualidade de 2010: 31 de outubro de 2010», debe dicir: «O prazo de xustificación das subvencións rematará o 31 de outubro de 2009».

-Na páxina 3.222, na epígrafe Modalidade D: longametraxes en soporte dixital, debe suprimirse a letra F).

-Na páxina 3.222, na epígrafe Modalidade D: longametraxes en soporte dixital, as letras G) e H) pasan a ser as letras F) e G).

-Na páxina 3.225, no anexo II, no cadro «Documentación complementaria que se xunta», epígrafe «Modalidade D: longametraxes en soporte dixital», debe suprimirse a letra F. A letra G quedará nomeada como letra F.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 11 de febreiro de 2009 pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en matemáticas.

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe positivo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, e acordado o carácter oficial do título polo Consello de Ministros do 29 de agosto de 2008 (publicado no BOE do 26 de setembro de 2008 por resolución do secretario de Estado de Universidades do 24 de setembro).

Esta reitoría resolve o seguinte:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de graduado ou graduada en matemáticas.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2009.

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

PLAN DE ESTUDOS DO TÍTULO DE GRADUADO OU GRADUADA EN MATEMÁTICAS

5.1. Estrutura das ensinanzas.

5.1.1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS.

Tipo de materia	Créditos ECTS
Formación básica	66
Obrigatorias	126
Optativas	36
Prácticas externas obrigatorias	0
Traballo fin de grao	12
Créditos totais	240

5.1.2. Créditos de formación básica. Distribución en materias.

Rama de coñecemento	Materia R.D. 1393/2007, do 29 outubro	Materias vinculadas	ECTS	Curso
Ciencias *	Matemáticas	Introdución á análise matemática	6	1
Ciencias *	Matemáticas	Elementos de probabilidade e estatística	6	1
Ciencias *	Matemáticas	Linguaxe matemática, conxuntos e números	6	1
Ciencias *	Matemáticas	Continuidade e derivabilidade de funcións dunha variable real	6	1
Ciencias *	Matemáticas	Topoloxía dos espazos euclidianos	6	1
Ciencias *	Matemáticas	Espazos vectoriais e cálculo matricial	6	1
Ciencias *	Matemáticas	Integración de funcións dunha variable real	6	1
Ciencias *	Bioloxía	Bioloxía básica	6	1
Ciencias *	Física	Física básica	6	2
Ciencias *	Química	Química básica	6	1
Enxeñaría e arquitectura	Informática	Informática	6	1
Total créditos ECTS			66	

• A mesma rama de coñecemento a que pertence o título